

TALLERES EN COLABORACIÓN CO BARRIO DE SAN PEDRO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

27 xuño 2026

Horario: de 11:00 a 13:00 h

Entrada libre e de balde ata completar a capacidade da sala.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

Un ano máis, o CGAC e o barrio de San Pedro únense celebrar as súas populares festas cunha interesante proposta de actividades. Con este motivo, o museo organiza dous talleres de creación colaborativa deseñados para acoller un fluxo continuo de xente durante dúas horas. O público poderá rematar o seu traballo nun e, a continuación, tomar parte no outro.

EU RECORTO, TI PEGAS

TALLER DE COLAXE COLABORATIVA

IMPARTE: Diego Estebo

LUGAR: Aula de Educación Artística do CGAC

Este taller, dirixido polo ilustrador Diego Estebo, parte dunha idea sinxela: introducir o azar e a colaboración como motores creativos. A miúdo, cando unha obra se bloquea, basta con cambiar as regras do xogo para que aparezan novas posibilidades. Aquí, ese cambio xorde ao compartir o proceso con outras persoas.

Dispondremos enriba dunha mesa recortes de cartolinas de cores, moitos deles procedentes de descartes e restos de traballos anteriores do ilustrador. Con estas formas e un pouco de pegamento, as persoas participantes poderán crear as súas propias colaxes. Elas non elixirán que recortar e el non controlará o resultado final. Ese intercambio xera un espazo creativo compartido no que se dilúe a fronteira entre artista e público.

Para garantir o dinamismo da actividade e facela accesible a todas as persoas interesadas, cada participación terá un tempo limitado de entre 5 e 15 minutos.

PINTO PORQUE ME TOCA

TALLER DE CADÁVERES EXQUISITOS

IMPARTEN: Lucía Amoedo e Sofía Mediero

LUGAR: Espazo de Proxectos do CGAC

Os cadáveres exquisitos eran unha técnica surrealista de creación colectiva na que cada membro do grupo realizaba a súa parte da obra sen coñecer por completo as outras partes.



Un año más, el CGAC y el barrio de San Pedro se unen para celebrar sus populares fiestas con una interesante propuesta de actividades. Con este motivo, el museo organiza sendos talleres de creación colaborativa diseñados para acoger a un flujo continuo de personas durante dos horas. El público podrá terminar su trabajo en uno y, a continuación, participar en el otro.

YO RECORTO, TÚ PEGAS

TALLER DE COLLAGE COLABORATIVO

IMPARTE: Diego Estebo

LUGAR: Aula de Educación Artística del CGAC

Este taller, dirigido por el ilustrador Diego Estebo, parte de una idea sencilla: introducir el azar y la colaboración como motores creativos. A menudo, cuando una obra se bloquea, basta con cambiar las reglas del juego para que aparezcan nuevas posibilidades. Aquí, ese cambio surge al compartir el proceso con otras personas.

Dispondremos sobre una mesa recortes de cartulinas de colores, muchos de ellos procedentes de descartes y restos de trabajos anteriores del ilustrador. Con estas formas y un poco de pegamento, las personas participantes podrán crear sus propios collages. Ellas no elegirán qué recortar y él no controlará el resultado final. Ese intercambio genera un espacio creativo compartido en el que se diluye la frontera entre artista y público.

Para garantizar el dinamismo de la actividad y hacerla accesible a todas las personas interesadas, cada participación tendrá un tiempo limitado de entre 5 y 15 minutos.

PINTO PORQUE ME TOCA

TALLER DE CADÁVERES EXQUISITOS

IMPARTEN: Lucía Amoedo y Sofía Mediero

LUGAR: Espazo de Proxectos del CGAC

Los cadáveres exquisitos eran una técnica surrealista de creación colectiva en la que cada miembro del grupo realizaba su parte de la obra sin conocer por completo las otras partes.

Neste taller para todos os públicos faremos un cadáver exquisito a grande escala. Despregaremos un rolo de papel continuo sobre o chan ao longo de diferentes espazos do CGAC. Á medida que as persoas se acheguen e vaian colaborando, iremos avanzando polo edificio subindo ou baixando escaleiras, bancos ou varandas, percorrendo a arquitectura de Álvaro Siza coa nosa creación conxunta.

Como funciona? Unha persoa fai algo no papel e, a continuación, este enrólase de maneira que a seguinte só poida ver os trazos finais da intervención anterior. Ademais, cada participante engadirá unha orde dirixida ao ou á seguinte: pinta en verde, escribe unha palabra fermosa, debuxa con teas... Así, poderemos escribir, debuxar, pintar ou compoñer con diferentes materiais a partir dunha instrución breve e sinxela. As intervencións iranse ocultando sucesivamente, de xeito que, cantas máis mans participen, máis grande e diverso será o cadáver exquisito.

En este taller para todos los públicos realizaremos un cadáver exquisito a gran escala. Desplegaremos un rollo de papel continuo sobre el suelo a lo largo de diferentes espacios del CGAC. A medida que las personas que se acerquen vayan colaborando, iremos avanzando por el edificio subiendo o bajando escaleras, bancos o barandillas, recorriendo la arquitectura de Álvaro Siza con nuestra creación conjunta.

¿Cómo funciona? Una persona hace algo en el papel y, a continuación, este se enrolla de manera que la siguiente solo pueda ver los trazos finales de la intervención anterior. Además, cada participante añadirá una orden dirigida al o a la siguiente: pinta en verde, escribe una palabra bonita, dibuja con teas... Así, podremos escribir, dibujar, pintar o componer con diferentes materiales a partir de una instrucción breve y sencilla. Las intervenciones se irán ocultando sucesivamente, de modo que, cuantas más manos participen, más grande y diverso será el cadáver exquisito.

PERSOAS DESTINATARIAS

Os talleres están dirixidos a todos os públicos.

COMO PARTICIPAR

As actividades son de balde e non requiren inscrición previa. As persoas interesadas só teñen que acudir ao espazo indicado para cada un dos talleres no horario establecido.

PERSONAS DESTINATARIAS

Los talleres están dirigidos a todos los públicos.

CÓMO PARTICIPAR

Las actividades son gratuitas y no requieren inscripción previa. Las personas interesadas solo tienen que acudir al espacio indicado para cada uno de los talleres en el horario establecido.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31

cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal